

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE CULLEREDO CELEBRADA O DÍA DEZASETE DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E TRES

ASISTENTES:

Presidente:

Don José Ramón Rioboo Castro, alcalde-presidente (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as:

Grupo municipal do PSdeG-PSOE:

D^a. Marta María Figueroa Fuentes
D.. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D^a. Marta María Iglesias Becerra
D. Miguel Suárez García
D^a. Jessica Méndez Sánchez
D. Mario Alfonso Iglesias Gómez
D^a. María Penélope López Díaz
D. Carlos Liñares Gestal
D^a. Susana Amor Fernández
D. Abraham Seijas González
D^a. Cristina Pardo Portos

Grupo municipal do PP:

D^a. Izaskun García Gorostizu
D. Antón Prieto García

Grupo municipal do BNG:

D. Enrique Antonio Chouciño Garrido
D^a. María Beatriz Pérez Mosquera
D. Gonzalo Méndez Mosqueira

Grupo municipal AA.VV.:

D^a. María Alicia Ferreiro Varela
D. Eduardo José Mourelle Botana
D^a. Sandra María Marzoa García

Ausentes sen excusa:

D. Alfonso Rico Vereá (PP)

O Secretario:

D. José Villán Fuertes

A Interventora municipal:

D^a. Sonia Corral Corral

Na sala de sesións da Casa do Concello de Culleredo, ás dez horas e dous minutos (10:02 h) do día dezasete de abril de dous mil vinte e tres (17/04/2023), reúnese en sesión extraordinaria o Pleno municipal, en primeira convocatoria, previamente convocadas ao efecto as persoas membros do Pleno do Concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente don José Ramón Rioboo Castro.

Foron asistidos polo Secretario xeral e Interventora municipal.

C.I.F. P-1503100-H

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame do único asunto incluído na Orde do Día da convocatoria.

ÚNICO.- ORZAMENTO XERAL DA CORPORACIÓN PARA 2023, RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS, APROBACIÓN DEFINITIVA.

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Administración Electrónica, Urbanismo, Participación Cidadá, Educación e Medio Rural do 12/04/2023, punto 2 da orde do día, relativo á proposta da Sra. concelleira delegada de Facenda, Patrimonio e Administración Electrónica, de data 05/04/2023 (código de documento UEH17I0034), contida no expediente electrónico UEH/2022/42.

A concelleira de Facenda, Patrimonio e Administración Electrónica, Sra. Iglesias Becerra, fai unha presentación da proposta dictaminada. Expón que na sesión plenaria de data 3 de marzo de 2023 aprobouse inicialmente o orzamento e durante o periodo de exposición ao público presentáronse dúas alegacións contra o acordo de aprobación inicial, non podendo ser admitidas porque, en base aos informes técnicos existentes, ditas alegacións non entran en ningún dos tres motivos previstos no artigo 170.2 do Texto refundido da lei de facendas locais que son os seguintes:

- *A elaboración e aprobación do orzamento axustouse aos trámites establecidos na Lei de Facendas Locais.*
- *Non se omite o crédito necesario para o cumprimento das obrigas esixibles na Lei de Facendas Locais en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.*
- *Os ingresos non son insuficientes con relación aos gastos presupostados ou ben destes respecto ás necesidades para as que estea previsto.*

Polo exposto o goberno municipal propón rexeitar a totalidade das alegacións presentadas e a aprobación definitiva do orzamento para o exercicio 2023.

A Presidencia abre a quenda para o debate.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Chouciño Garrido, quen, unha vez concedido, di que o goberno municipal trae hoxe ao Pleno a proposta de rexeitar as alegacións veciñais aos orzamentos do 2023 que se aprobaron inicialmente hai unhas semanas e aos que houbo alegacións veciñais porque, aínda que cada vez son menos, a xente que persevera ten un mínimo de confianza en que o goberno municipal teña algo de sensibilidade para escoitar as súas propostas. Lembra que o orzamento sobe a 34 millóns de euros porque o goberno municipal leva unha previsión de endebedamento de 7 millóns. Engade que un incremento dese tipo, máxime cando a fonte de financiamento é o endebedamento, debería contar máis que nunca coa participación veciñal e cun diálogo coa oposición, tal e como reclama sempre o BNG, para determinar as prioridades que se queren cubrir, pois un non se endebeda para facer fogos de artificio e o endebedamento debería servir só

para priorizar as necesidades veciñais. Nos catro anos de mandato municipal que remata dentro dun mes, o goberno municipal foi incapaz de traer ao pleno os orzamentos no seu tempo, é dicir, antes do 31 de decembro do ano anterior ao orzamento que se propón. Iso é só o símbolo, a punta do iceberg flotante que se ve, porque detrás hai unha tramitación obscura que subtrae información aos grupos da oposición e que burla o proceso participativo que o goberno municipal anunciou a bombo e platillo como se fora a sucursal do goberno máis progresista da historia; cando a realidade é que o equipo de goberno é un calote, unha banda carente de principio algún ao que o menos que lle interesa é que os cartos dos veciños se destinen a cubrir as súas necesidades reais e que a ordenación de prioridades sexa o centro das decisións, tanto na elaboración do orzamento como ferramenta de planificación que simplifique a burocracia necesaria para executar o previsto nas contas, como para que o nivel de execución durante o exercicio sexa o máis alto posible, sabendo que os últimos anos o nivel de execución foi bastante baixo, repetíndose as partidas presupostarias unha tras outra, o que ten bastante que ver coa falta de concreción e de planificación.

Unha vez máis na documentación que se puxo a disposición da Corporación para a aprobación definitiva que se propón no punto que se está a debater, ao igual que cando se propuxo a aprobación inicial, non se poñen a disposición as propostas veciñais. Non é só que non se poñan a disposición da Corporación senón que tampouco están expostas na sede electrónica municipal, tal como recollen os regulamentos que o goberno municipal aprobou en solitario. O BNG si tivo acceso a algunha das propostas porque á xente lle preocupa que participe nun proceso e tome o seu tempo para facer as redaccións e acudir ao rexistro e que despois non se coñezan as súas propostas.

Pregunta de que vale que o goberno municipal recolla no orzamento unha partida que poña "Melloras en urbanizacións de Monte Alfeirán, 1ª Fase, Mansosol, Vallesur-Os Olivos", así, en grupo, como se ve moitas outras veces como cando poñen melloras de viais en tal ou cual parroquia, ou en tal grupo de parroquias, sen unha concreción seria, sen plasmar para nada o que solicitan os veciños, sen saber canto vai para cada unha das partes da agrupación. Pregunta como a veciñanza pode crer que o goberno municipal vai executar ditas partidas cando o nivel de vinculación é o capítulo e polo tanto pódese destinar o capítulo 6 ao que se pon ou ir meter o seu importe no Burgo, ou en Vilaboa, ou en Acea de Ama, ou en calquera outra cuestión, sendo isto algo recorrente nas execucións do orzamento. Dille ao Sr. alcalde que xa coñecen os seus trucos e isto é algo que non só llo lembra o BNG, senón que tamén o fan as persoas que alegan, que queren partidas concretas e cinxidas para que o equipo de goberno non faga despois o que lle pete como fai habitualmente como se o orzamento fose un saco do que sacar os cartos segundo conveña.

O goberno municipal conseguiu que a veciñanza que nos últimos anos presentaba alegacións fose decaendo en número e cantidade ao ver que o muro que supón a maioría absolutísima do equipo de goberno tiraba polo chan recorrentemente as súas propostas, polo que habería que valorar tanto a quen o fixo no pasado como a quen persiste no exercicio actual, e presenta dúas cuestións que foron recorrentes nos últimos anos. A primeira dunha persoa que vive nunha rúa da Corveira que está a reclamar atención respecto do rueiro formado por avenida da Corveira, rúa Antón Losada Diéguez e rúa Pablo Neruda, que solicita melloras nada menos que en temas como recollida de pluviais, eliminación de fochancas, dotación de mobiliario urbano, limpeza viaria, corte da vexetación próxima ás vivendas, desratización e adopción das medidas oportunas para eliminar os perigos que derivan dos edificios abandonados. Sabe que non todas as propostas que vén de mencionar son propostas de investimento pero, dado que as solicitudes que se fan ao longo do ano de temas como a desratización ou a limpeza viaria

non son atendidas, a xente opta por utilizar o recurso da alegación, e no caso que vén de mencionar, a alegación solicita melloras que tenten superar a realidade urbana tan precaria para a accesibilidade, a sanidade, a seguridade e a dignidade das persoas que viven no barrio. Anticipándose á proposta do goberno municipal de rexeitar as alegacións, xa din que a petición que fan non é un capricho senón dereitos básicos polo seu contido e obrigatorios para o goberno municipal por estar recollidos xa no artigo que leu a Sra. Marta Iglesias na súa intervención e tamén porque dito artigo figura nos regulamentos municipais e porque son dun mínimo de sentido común e de sensatez para un nivel de calidade de vida e benestar acorde co ano no que se está; pero o goberno municipal carece da máis mínima sensibilidade para atender a persoas que falan de accesibilidade, de recollida de pluviais, de seguridade por edificios abandonados que deberían ser declarados ruína, ou sanidade porque lles falan de ratas, algo que se repite en numerosas zonas do Concello.

Pregúntalle ao goberno municipal se ten tanto calleiro como para dicirlle a quen pide recollida de pluviais ou accesibilidade ou melloras para a sanidade que o que piden son usos alternativos cando esa xente viu como o equipo de goberno destinou case 50.000 euros para que unha promotora privada do Morriña Fest sacara 70.000 euros limpos, ou que se destinen 30.000 euros á actuación do Mago de Oz, ou que contraten osquestras para as festas populares do Concello no ano 2022 por 162.000 euros, ou 67.000 euros nunha cuberta do parque das Brañas que non aguantou nin o primeiro temporal e que segue tirada alí non se sabe por que motivos inconfesables. Esas son as *prioridades* do goberno municipal contra quen pide servizos básicos.

A segunda das alegacións é tamén un clásico, a Fonte da Balsa, pois unha vez máis alí o goberno municipal fixo unha detallada infografía dun proxecto de mellora dos accesos porque aquel barrio está afectado de avenidas de lama cada vez que hai unhas chuvias un pouco fortes e o que se fixo alí foi, despois da fantasmada da infografía ben adornada na prensa, quince días antes das eleccións municipais de 2019, poñer alí unha caseta de obra e uns palés de baldosas e unha microexcavadora quitando silveiras, dando a entender que aquilo ía empezar, a pesar de que ninguén o vía na plataforma de contratación, e quince días despois das eleccións retirar todo e quedar así ata o día de hoxe. Algo que a veciñanza non perdoa por moito que o Sr. alcalde vaia agora con carteliños falsarios que falan de cartos para investimentos, colgándolle xa o sambenito de mentireiro e falseiso, atributos que non vai dar botado nunca fóra xa que os gañou a pulso porque seica se pode mentir a unha persoa unha vez e a moitos moitas veces, pero non se pode mentir a todos todo o tempo. Algo que retrata ao Sr. Rioboo e a todo o seu goberno. Na Fonte da Balsa, no mes de maio de 2019, empezou o goberno municipal o final da súa traxectoria política que rematará o 28 de maio próximo.

Non se resiste a ler o que poñen na súa petición os veciños de Fonte da Balsa, porque é ben curto, conciso, sen voltas, ao gran, e procede coa lectura do seguinte texto:

"A veciñanza da Fonte da Balsa solicita que se teña en conta a nosa comunidade nos orzamentos do 2023 que foron publicados o 7 de Marzo.

Como xa levamos anos solicitando, e vostedes levan anos publicitando e dicindo que non nos inclúen nos presupostos dos orzamentos xa que estamos incluídos nunha partida orzamental, non sabemos nin onde nin en que, a xente de Fonte da Balsa quere unha partida específica para dar solución ás nosas solicitudes, das cales vostedes son coñecedores xa que presentan ditos proxectos na prensa pero logo non executan".

Engade que o BNG non votará a favor da proposta de desestimar as alegacións e lle pregunta ao Sr. alcalde onde está o contrato para poñer os carteliños que está a colocar por aí adiante, canto van custar, quen os vai pagar e que é o que anuncian. Vai recollido nas bases de execución do orzamento que se van portar ben cos contratos menores e

que se van publicar no Portal de Contratación e pregunta se se vai agardar a que se aprobe o orzamento para dar cumprimento ao requirido polo Consello das Contas e onde está o contrato no que se pode ver canto custan eses carteliños de propaganda porque na Plataforma de Contratación do Estado non se poden ver nin como licitación nin como contrato menor.

Remata a súa intervención dicindo que de ningunha forma o BNG vai votar a favor de que se desestimen as alegacións presentadas porque deberían ser estimadas.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que os membros do seu Grupo queren comentar tamén as dúas alegacións recibidas. No tema de Fonte da Balsa, os veciños presentan novamente, un ano máis, unha alegación por non ter tido en conta nos orzamentos que se presentan a partida destinada ao proxecto para a súa zona pese a que o anterior goberno, co Sr. Rioboo de alcalde, tiña destinado unha partida de 1,27 millóns de euros para varias obras entre as que estaba incluída a renovación da zona de Fonte da Balsa en Vilaboa, aprobado no mes de setembro do 2018 con informes contrarios de Secretaría e Intervención, e os veciños seguen a esperar que se faga dita obra, sufrindo as mentiras do goberno municipal que leva alí unha caseta de obra quince días antes das anteriores eleccións municipais e agora, un mes antes das próximas, publicitan a renovación do vial VP-124 en Fonte da Balsa, con 400.000 euros. Pregunta se se licitou a obra, se se mercaron os terreos para poder executar o proxecto, se a obra é para arranxar o firme da rúa, o recheo de fochancas, a expropiación dos terreos, a compra dun monte para facer unha zona verde, se se mantiveron conversas cos propietarios e se chegaron a algún acordo porque o que están a vivir estes veciños un ano máis é vergonzoso pois dun orzamento de 34,4 millóns de euros non se recolle nin un so euro para as promesas que o goberno municipal lles fai ano tras ano aos veciños de Fonte da Balsa.

Tal como dixo o Sr. Chouciño na súa intervención, a credibilidade do Sr. alcalde nos catro anos que leva o mandato actual quedou polo chan e ningún veciño cre xa en ningunha das promesas que o Sr. alcalde fai ao longo dos meses.

No resto da documentación presentada, o seu Grupo segue a botar en falta a liquidación definitiva respecto dos orzamentos do 2022 que tiña que estar presentada a data 1 de marzo, faltando o seu avance no momento da aprobación inicial do orzamento que se está a debater. O avance si está agora o avance pero non a liquidación definitiva. Pregunta por que non se puxo iso a disposición de toda a Corporación cando esta semana xa o teñen que presentar no Ministerio.

O goberno municipal comunica que a data 31 de decembro non queda ningunha factura por pagar e resulta agora que saiu en prensa que Culleredo tiña 273.000 euros de facturas pendentes de aprobar. Lle pregunta á Sra. Concelleira, dona Marta Iglesias, que pasa coas facturas que quedan sen pagar a data 31 de decembro.

Remata a súa intervención dicindo que, sen a liquidación definitiva, sen saber que pasa co endebedamento que propón o goberno municipal e sen ter en conta as alegacións dos veciños que consideran xustificadas, aos membros do seu Grupo lles resulta imposible aprobar os orzamentos que se presentan.

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que, no que respecta ao orde do día, considera que quedou suficientemente aclarado por parte da Sra. concelleira de cales son os motivos que levaron á proposta que se presenta e calquera outro tema non relacionado co punto recollido na orde do día citada aclararase no pleno correspondente que será o próximo ordinario.

Sometido pola Presidencia o asunto ditaminado a votación ordinaria, con doce (12) votos a favor, os dos representantes do grupo municipal do PSdG-PSOE; e oito (8) votos en contra, os dos representantes presentes dos grupos municipais do PP (2), BNG (3) e Alternativa dos Veciños (3); o Pleno municipal acorda:

Primeiro.- Rexeitar ambas alegacións presentadas xa que a elaboración e aprobación do Orzamento axustouse aos trámites establecidos na Lei das Facendas Locais, non omite o crédito necesario para o cumprimento de obrigas esixibles á Entidade Local en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo nen os ingresos manifestan insuficiencia con relación aos gastos presupostados ou ben destes respecto ás necesidade para as que estea previsto.

Segundo.- Aprobar definitivamente o orzamento para o exercicio 2023.

Sen máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente levanta a sesión, sendo as dez horas e vinte e catro minutos do expresado día "*ut supra*".

Autorízase a presente acta coa sinatura dixital do Sr. alcalde-presidente e da secretaria xeral accidental, que dá fe.

DILIXENCIA DE APROBACIÓN

Apróbase a presente acta na sesión ordinaria do Pleno municipal do día 27/04/2023, segundo o borrador asinado o día 09/05/2023. Esténdese a presente dilixencia, para constancia, coa sinatura dixital do Sr. alcalde-presidente e da secretaria xeral accidental, que dá fe.

(asinado nesta data pola xefe da Asesoría Xurídica que actuou como secretaria xeral accidental o día da sesión)